

21a
MITEU
15 a 30 de abril
2016





# A 21ª MITEU CELÉBRASE SENDO:

CONCELLEIRA DE CULTURA
*Belén Iglesias*

VICERREITOR DO CAMPUS DE OURENSE
*Virxilio Rodríguez*

DIRECTORA DO TEATRO PRINCIPAL
*Olga Mojón*

SECRETARIO XERAL DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA
*Anxo Lorenzo*

TÉCNICO DE CULTURA DO CAMPUS DE OURENSE
*Filemón Rivas*

**GRACIAS**
A Alejandro Quiñoá e ACPP polo contacto con Nadia
A Claudia Delso polo contacto con Carolina Pizarro
Á fundación Juan Soñador por traernos ao 'Teatro del dónde'
A Etelvino Vázquez de 'Teatro del Norte' polo contacto con 'El rayo misterioso'
A Héctor Martínez pola suxestión dos fados de Gonçalo Guerreiro
A 'El rayo misterioso' pola 'milonguita' do día 28
A Óscar Orzaiz polo contacto coa Aula de Lleida
Ao CRDO Ribeiro e a Cristina Alcalá por cedernos o viño preciso para a función do día 29
A Culturactiva pola súa boa disposición, sempre
A Kandengue Arts polo seu bo facer
A todas as persoas que aturades, gozades, sufrides, rides, apoiades e vivides a MITEU, sexa o primeiro ano ou levedes con nós 21.

**A MITEU pertence á Asociación de Festivais de Artes Escénicas de Galicia (AFEARTE)**



# organigrama

## 21ª MITEU

DIRECTOR
*Fernando Dacosta*

COORDINADORA
*Sabela Gago*

AXUDANTES DE COORDINACIÓN
*Fina Calleja*
*Alfonso Míguez*
*Nate Borrajo*

TÉCNICOS DA MOSTRA
*Técnicos do Teatro Principal*
*Técnicos do Auditorio*
*José Manuel Bayón*
*Rubén Dobaño*
*David Díaz*

DESEÑO GRÁFICO E WEB
*Disigna Edenia*

FIGURAS PREMIOS
*Pablo Otero - Orfebres del Arte*

FOTOGRAFÍA E GRAVACIÓN
*Alba Vázquez Carpentier*

EQUIPO COLABORADOR
*Ánxeles Cuña*
*Elena Seijo*
*Aula de Teatro Universitaria de Ourense*

PROMOCIÓN MITEU NA RÚA
*Trécola Teatro*



# Esta Miteu

Vivimos nun momento descrito por Orwell hai anos, o mundo fractúrase en bloques económicos, relixiosos, culturais para alegría dos fortes que se impoñen aos intelixentes. A poboación vive aterrorizada por bombas que como naquel '1984' non se sabe se están lanzadas polo suposto inimigo ou polos propios gobernos protectores, polos propios gobernos demoledores que negocian, embebédanse e trafican armas con aqueles que despois van matarnos, a todas e todos, a ti, a min, a el.

As fronteiras fanse cada vez máis grandes e inexpugnables. Os gorilas do Planeta dos simios domínannos e non queren que vexamos, que escoitemos, que falemos.

• • •

Así as cousas detémonos nunha estraña concentración de persoas nun afastado lugar do mundo. Unha concentración de xentes vidas de moi lonxe que se unen aos nativos durante 16 días. E acontece o inesperado...

• • •

Un grupo de actrices e actores ábrese paso polas rúas céntricas dunha pequena cidade, co seu paso achéganse a outro grupo que está dentro dunha cidade sitiada. Aparece nese momento un pallaso inglés tratando de aportar solucións con enormes luvas de boxeo e con risos liberadores de sitios e cancelas.

Ao día seguinte chega un comando portugués que fai reflexionar sobre a constante macabra na que se converteu a educación, abrindo a ollada ás montañas afganas, a un Kabul en guerra constante onde una nena loita por sobrevivir cargada de coraxe e atopa eco noutro grupo de persoas que vai por todas sen rede.

Aladino, mentres, persegue poder cruzar as fronteiras pechadas do mundo perfecto, loita contra

aqueles que están contra a democracia. Un absurdo propio de Ionesco.
Unha terra de lume é a paraxe que atopan os soñadores, só lles dan pó e queren auga. Quedan cinzas e soñan con danzar. Imploran axuda da nosa señora das nubes mentres lembran músicas perto da orella, músicas da súa terra.
Pasan os días e as mozas e mozos van converterse en iconas dunha nova loita sen sabelo, sen pretendelo. O movemento, a danza constante dos seus corpos recórdanlle ao mundo que están feitos de sangue e outras substancias.
A porta do Paraíso mantense pechada e eles tratan de saír co seu teatro baixo a area nunha loita épica por ser algo máis ca una libra de carne.
A guerra está aí e van chamarlles 'Quijotes' por denunciar que os muíños de vento son en realidade xigantes asasinos.
Mulleres ás que lles cargan as culpas desde hai milenios van á cabeza da loita dos tempos, procurando que non lles rouben o humor, capaces de rir mesmo dos excesos coa comida mentres noutros lugares falta esa mesma comida... comida.
Todo forma parte dun proxecto preestablecido, dunha campaña que fai que os nosos monólogos sobre a situación parezan os dun imbécil.
E pola noite van cantar, con todo, regados polo viño nunha adoración báquica da vida. Estamos demediados, din, partidos pola metade entre a maldade e a bondade humana. Só a loucura parece una saída: o humor, o teatro.

• • •

Todo isto vai pasar nesta MITEU.
O riso diferéncianos como humanos de xeito positivo.
A cultura tamén.
A solidariedade, poñerse no lugar do outro en corpo e alma, tamén.

**Fernando Dacosta**
Director da MITEU
*Abril de 2016*

# índice


PAX. 11

venres 15 ÁS 19'00
NO PARQUE DE SAN LÁZARO - RÚA DO PASEO
GRUPO: **ROSAURA, AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *O banquete*

venres 15 ÁS 20'30 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **TEATRO EL MAYAL - ULE** (CASTILLA Y LEÓN)
ESPECTÁCULO: *La ciudad sitiada*

PAX. 12

venres 15 ÁS 23'00 NO AUDITORIO
GRUPO: **FRASER HOOPER** (INGLATERRA)
ESPECTÁCULO: *Strawberry*

sábado 16 ÁS 19'00 NO CAMPUS. SALA PARDO BAZÁN
GRUPO: **TEUC DE COIMBRA** (PORTUGAL)
ESPECTÁCULO: *A constante macabra*

PAX. 13

sábado 16 ÁS 20'30 NO AUDITORIO
GRUPO: **NADIA / LA CONQUESTA DEL POL SUD** (AFGANISTÁN / CATALUNYA)
ESPECTÁCULO: *Nadia*

sábado 16 ÁS 23'00 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **CORDELIA. AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE (NIVEL 2)** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *Sen rede*

PAX. 14

domingo 17 ÁS 19'00 NO AUDITORIO
GRUPO: **GEPPETTO. AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE (AULA DE TEATRO INFANTIL)** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *Aladino e a lámpada marabillosa cruzan fronteiras*

domingo 17 ÁS 20'30 NO CAMPUS. Sala Pardo Bazán
GRUPO: **AULA DE TEATRO DE LA UBU. BURGOS** (CASTILLA Y LEÓN). ESPECTÁCULO: *Contra el progreso*

PAX. 15

luns 18 ÁS 18'00 NO CAMPUS. Sala Pardo Bazán
GRUPO: **TRISKEL ARTES ESCÉNICAS / NORDISK TEATERLABORATORIUM [ODIN TEATRET]** (CHILE / DINAMARCA)
ACTIVIDADE: *Demostración de traballo: «De Amagaki a Shibugaki, geografía de un aprendizaje»*

luns 18 ÁS 20'30 NO AUDITORIO
GRUPO: **GRUPO DE TEATRO U.C.** (CANTABRIA)
ESPECTÁCULO: *La cantante calva*

PAX. 16

martes 19 ÁS 20'30 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **TRISKEL ARTES ESCÉNICAS / NORDISK TEATERLABORATORIUM [ODIN TEATRET]** (CHILE / DINAMARCA)
ESPECTÁCULO: *Tierra de fuego*

mércores 20 ÁS 20'30 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **TEATRO DEL DÓNDE** (MADRID / EL SALVADOR)
ESPECTÁCULO: *De polvo y agua*

## PAX. 17

**xoves 21** ÁS 20'30 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **AULA DE TEATRO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO - COMPAÑÍA DE TEATRO** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *Cinzas*

**xoves 21** ÁS 23'00 NO AUDITORIO
GRUPO: **AULA DE DANZA UEX** (EXTREMADURA)
ESPECTÁCULO: *Trilogía de la resistencia (Acto 1)*

## PAX. 18

**venres 22** ÁS 20'30 NO AUDITORIO
GRUPO: **TEATRO DO MORCEGO** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *Nosa Señora das nubes*

**venres 22** ÁS 23'00 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **A BANDA DA FACTORÍA DE SUBSITENCIA** (GALICIA)
CONCERTO: *Cerca da tía orella*

## PAX. 19

**venres 22** Á 01'00 NO CAFÉ AURIENSE
GRUPO: **TRES PESOS** (GALICIA)
CONCERTO: *Acta fundacional*

**sábado 23** ÁS 19'00 NO AUDITORIO (SALA AZUL)
GRUPO: **BANDA KURENAI** (ITALIA)
ESPECTÁCULO: *Adios re*

## PAX. 20

**sábado 23** ÁS 20'30 NO TEATRO PRINCIPAL
PROCEDENCIA: (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *6º Encontro de danza interuniversitaria*

**sábado 23** ÁS 23'30 NO AUDITORIO
GRUPO: **TEATR'UBI (Grupo de Teatro da Beira Interior) / ASTA TEATRO** (COVILHÃ - PORTUGAL)
ESPECTÁCULO: *Sangue e outras substâncias*

## PAX. 21

**domingo 24** ÁS 19'00 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **GRETUA DE AVEIRO** (PORTUGAL)
ESPECTÁCULO: *Porta paraíso - Tre bui doi*

**domingo 24** ÁS 21'00 NO AUDITORIO
GRUPO: **COMPAÑÍA DE TEATRO DA USC - CAMPUS DE LUGO** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *O público baixo a area*

## PAX. 22

**luns 25** ÁS 20'30 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **AULA DE TEATRO "NORMAL" DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *Unha libra de carne*

**martes 26** ÁS 20'30 NO AUDITORIO
GRUPO: **TEATRO DE LA RESISTENCIA** (COMUNITAT VALENCIANA)
ESPECTÁCULO: *Don Quijote*

## PAX. 23

**mércores 27** ÁS 20'30 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **GRUPO DE TEATRO DE LA UPNA** (NAFARROA)
ESPECTÁCULO: *Polifonía*

**mércores 27** ÁS 23'00 NO AUDITORIO
GRUPO: **YLLANA** (MADRID)
ESPECTÁCULO: *Chefs*

## PAX. 24

**xoves 28** ÁS 20'30 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **EL RAYO MISTERIOSO** (ARGENTINA)
ESPECTÁCULO: *El fabuloso mundo de la tía Betty*

**xoves 28** ÁS 24'00 NO CAFÉ AURIENSE
GRUPO: **GONÇALO GUERREIRO** (PORTUGAL / GALICIA)
CONCERTO: *Fados*

## PAX. 25

**xoves 28** Á 1'15 NO CAFÉ AURIENSE
GRUPO: **EL RAYO MISTERIOSO** (ARGENTINA)
ESPECTÁCULO: *Tango-show (baile)*

**venres 29** ÁS 19'00 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **ESPAI DE TEATRE DE LA UNIVERSITAT DE LLEIDA** (CATALUNYA)
ESPECTÁCULO: *Proyecto Cooper*

## PAX. 26

**venres 29** ÁS 20'30 NO AUDITORIO
GRUPO: **EME2 PRODUCIÓNS** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *Monólogo do imbécil*

**venres 29** ÁS 23'00 NO AUDITORIO (SALA AZUL)
GRUPO: **COMPAÑÍA LA LÍQUIDA** (ANDALUCÍA)
ESPECTÁCULO: *Oh Vino!*

## PAX. 27

**sábado 30** ÁS 20'00 NO TEATRO PRINCIPAL
**CLAUSURA DA XXI MITEU**
*Entrega de Premios do Xurado e do Espectador «Carlos Couceiro e Begoña Muñoz» e Premio á Mellor Resolución Técnica «Suso Díaz»*

**sábado 30** ÁS 20'3 http://www.applesfera.com/os-x/reactiva-los-modulos-java-applets-para-contenido-web-en-os-x-mountain-lion 0 NO TEATRO PRINCIPAL
GRUPO: **MARICASTAÑA, AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE (NIVEL 3)** (GALICIA)
ESPECTÁCULO: *Demediado*

## PAX. 28

**sábado 30** ÁS 23'00 NO AUDITORIO
GRUPO: **D'ORFEU / CÃO À CHUVA** (PORTUGAL)
ESPECTÁCULO: *Lullaby*



# 15 venres de abril

GRUPO

**ROSAURA, AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE (NIVEL 1)**

PROCEDENCIA: GALICIA

ESPECTÁCULO: *O banquete*

AUTORA: **SABELA GAGO / ROSAURA**

LUGAR: PARQUE DE SAN LÁZARO RÚA DO PASEO

HORA: 19'00

DURACIÓN: 60 MINUTOS | TARIFA: LIBRE

O convite a un banquete como pretexto dramático; invitados de etiqueta evolucionando entre a fame e a gula; clima festivo que provoca o goce dos sentidos; son que abre o apetito e un menú teatral de alta cociña.
O banquete pode quedar na retina do espectador como a festa dos sentidos, como a catarse do 'atracón', como a comida do absurdo... dependerá dos ollos cos que se mire.

ELENCO: MªJesús Amorín, Ismael Dominguez, Lola Fernández, José Luis Prieto, Daniel Gómez, Alicia Salgueiro, Katia Rúa, Nelly Formoso,Carlota Mosquera, Alba Novoa, Esther Vizcaya, Laura Blanco, Martín Tato, Patricia Román, Beatriz Angulo, Claudio Rodríguez, Rita Lois
MÚSICA: Perqtores | TÉCNICOS: Rubén Dobaño e José Manuel Bayó
COLABORAN: Alumnas/os e ex-alumnas/os da Aula de Teatro Universitaria de Ourense
DIRECCIÓN: Sabela Gago




# 15 venres de abril

GRUPO

**TEATRO EL MAYAL - ULE**

PROCEDENCIA: CASTILLA Y LEÓN

ESPECTÁCULO: *La ciudad sitiada*

AUTORA: **LAILA RIPOLL**

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20'30

DURACIÓN: 75 MINUTOS

TARIFA: 3 €

A guerra e a barbarie, solsticios e equinoccios que volven unha e outra vez, destruíndo vidas, desgarrando almas, mirando a propia esencia do ser humano. Non importa o lugar nin o tempo. A memoria é fraxil. A humanidade cópiase a sí mesma. O horror repítese, as bágoas teñen o mesmo sabor aquí e alá, pero o reparto da dor nunca é igual. A ración para os débiles sempre é maior.
Novamente o teatro volve sobre un tema tan universal, tan antigo, tan presente. A cidade sitiada amosa sen edulcorantes a morte, a vida, e a morte en vida dos seres humanos en tempos de guerra. Coma nun macabro álbum de feridas, os personaxes deambulan diante da nosa ollada invitando á reflexión.
Perante o espectador acontece un 'desfile' tan duro coma fermoso. A beleza das palabras e a forza das imaxes son tan precisas para a traxedia como as tráxicas vidas que se expoñen ou coma o humor negro, que zarrapica a obra nalgún instante.
Laila Ripoll dános a oportunidade de medrar coma seres humanos. 'La ciudad sitiada', como bo teatro, ofrécenos a oportunidade de ser mellores persoas.



ELENCO / HABITANTES DA CIDADE: Carlos Moreno, Daniel Cascón, Ino Cisneros, Marta Fandiño, Rocío Aller, Saúl García, Tania Pérez, Alejandra Nieto, Paola Santos, Elisa Herrero
SON: Silvia Abad | ILUMINACIÓN: Herminio González e Javier R. de la Varga
ESPAZO ESCÉNICO: Javier R. de la Varga | VESTIARIO: Teatro El Mayal - ULE
DRAMATURXIA: Javier R. de la Varga | DESEÑO GRÁFICO: Camino Fernández
FOTOGRAFÍA: David Gómez | PRODUCIÓN: Área de Actividades Culturales Universidad de León
DIRECCIÓN: Javier R. de la Varga

# 15 venres de abril

GRUPO

**FRASER HOOPER**

PROCEDENCIA: INGLATERRA

ESPECTÁCULO:

*Strawberry*

AUTOR: **FRASER HOOPER**

LUGAR: AUDITORIO

HORA: 23'00 | DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: 5 €

'Strawberry' recrea un espectáculo onde os elementos do mimo, a comedia xestual e o vodevil fusiónanse coa tradición dos grandes clowns.

Co seu estilo persoal, Fraser Hooper, o clown de nariz vermello, percorreu o mundo deleitando a audiencias de todas as idades.

'Strawberry' é un espectáculo dinámico e con altas doses de humor, no que o seu protagonista establece, sen dicir apenas unha palabra, unha interacción continua co público, que se converte en parte indispensable da acción.

Unha obra na que o guión é o menos importante. Aínda que ten escenas preparadas, Hooper tenta fuxir delas canto antes mediante a provocación do público. Úsao de percheiro ou de mesa, e aos seus obxectos de chapeu, facéndose coa complicidade dunha audiencia en riso continuo.



ACTOR: Fraser Hooper

DIRECCIÓN: Fraser Hooper

# 16 sábado de abril

GRUPO

**TEUC DE COIMBRA**

PROCEDENCIA: PORTUGAL

ESPECTÁCULO:

*A constante macabra*

LUGAR: SALA PARDO BAZÁN. EDIFICIO DE FERRO. CAMPUS

HORA: 19'00

DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: 3 €

'A constante macabra' é unha crónica anecdótica sobre a educación.

Os anos pasan e a constante mantense... Continuamos a educar/formar operarios, cincentos e consumidores larpeiros e desavisados no canto de cidadáns libres e intervinientes. Neste espectáculo construído e preñado de voces, quixemos cuestionar este sistema e as súas consecuencias... macabras. Macabro porque continúa a perder a moitos polo camiño, a impedir soños de gañar ás, a crianzas de gañar voz e a adultos de conquistar autonomía e confianza. Quixemos reflectir e cuestionar ata que punto este sistema educativo, a pesar de ser mudado, remexido e trocado esencialmente, non muda e non gaña cor, non lle salta o pó do tempo...

Investigamos perplexidades e curiosidades, recreando observacións e conclusións a través dunha linguaxe corporal, capaz de traspor a realidade, de 'falar' máis forte e creativamente e con máis 'concreción' e poesía das dinámicas que habitan este enorme tema, que é a educación.



ELENCO: Bárbara Pereira, Carina Fernandes, Inês Lopes, João Nemo, Matilde Simões

DIRECCIÓN VOCAL: Maria João Serrão | MÚSICA EN DIRECTO: Gonçalo Parreirão e Tiago Vaz

DESEÑO DE LUZ: Vera Silva | SON: Ricardo Neiva | EQUIPA TÉCNICA: Frederico Nunes, João Leitão, Marta Rangel, Tiago Dinis, Vera Silva | TEXTOS: André Antibi, Bárbara Pereira, Carina Fernandes, Carlos Neto, Guerra Junqueiro, Inês Lopes, João Nemo, Ken Robinson, Matilde Simões, Trevor Nunn (a partir de T.S. Eliot), W. B. Yeats.

MÚSICA: Andrew Lloyd Webber, Gonçalo Parreirão, Nina Simone, Ricardo Neiva, Roger Waters, Tiago Vaz

DESEÑO GRÁFICO: Inês Lopes, João Nemo | MAQUILLAXE: Fábio Borges, Matilde Bernardo | PRODUCIÓN: TEUC 2016

DIRECCIÓN: Catarina Santana e Marta Campos

## 16 sábado de abril

GRUPO
**NADIA / LA CONQUESTA DEL POL SUD**
PROCEDENCIA: AFGANISTÁN / CATALUNYA
ESPECTÁCULO:
***Nadia***
AUTOR: **NADIA GHULAM e CARLES FERNÁNDEZ GIUA**
LUGAR: AUDITORIO
HORA: 20'30
DURACIÓN: 80 MINUTOS
TARIFA: 5 €

Nadia naceu hai 31 anos en Kabul no seo dunha familia de clase media. Os seus pais, el funcionario e ela ama de casa, tiveron cinco fillos: catro nenas e un neno.
Viviu a súa infancia nun país que sufría unha guerra desde 1978. Trala retirada das tropas soviéticas estourou a guerra civil afgana. As hostilidades recruaron en Kabul e chegou o día en que unha bomba cambiou a vida de Nadia Ghulam e a súa familia para sempre. En 1996, o Movemento Talibán tomou o poder do país e impuxo a interpretación radical das leis relixiosas provocando unha regresión de séculos no país.
Nadia tiña 8 anos cando aquela bomba a feríu gravemente. Pero resistíu. Grazas a perseveranza da súa nai puido lidar co sufrimento, asumíu as secuelas e logrou sobre-vivir.
A historia de Nadia xerou o libro 'O segredo do meu turbante' e inspirou a película 'Osama'.




NO ESCENARIO: Nadia Ghulam | DESEÑO DE ESPAZO E VÍDEO: Eugenio Szwarcer
DESEÑO DE SON: Damien Bazin | DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Luis Martí
AXUDANTE DE DIRECCIÓN E PRODUCIÓN: Sílvia Dotti
DIRECCIÓN: Carles Fernández Giua

## 16 sábado de abril

GRUPO
**CORDELIA. AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE (NIVEL 2)**
PROCEDENCIA: GALICIA
ESPECTÁCULO:
***Sen rede***
AUTOR: DRAMATURXIA DE **FINA CALLEJA** A PARTIR DE VARIOS AUTORES
LUGAR: TEATRO PRINCIPAL
HORA: 23'00 | DURACIÓN: 50 MINUTOS
TARIFA: 3 €

Sempre hai alguén que cre, que mirándonos coma se estivese nun soño, cre nas nosas historias e déixase levar e séguenos, e ponse o traxe do 'outro'; e acepta comprender e ocupa o lugar do 'outro', do que nos abandonou e cre que lle chegou o día do éxito.
Botamos man de autores como Jean Luc Lagarce, Sanchis Sinesterra ou Benet i Jornet, para falar do teatro, da relación co público, do mundo, da humanidade.

ELENCO: Guillermo Garrido, Gael Gallego, Francesc de Gallego, María del Carmen Montero, Silvia Domínguez, Anxo Outomuro, Iván Iglesias, Laura Salgado, Miguel García, María Nóvoa, Conchi González, Érika Fernández, Tatiana González, Nerea Rodríguez, Rosa María Fernández 'Vieira', Severino David Hermida
ILUMINACIÓN: José Manuel Bayón
SON: Rubén Dobaño




SOPORTE MUSICAL: Renata Codda Fons
ESPAZO: Fina Calleja
DIRECCIÓN: Fina Calleja

# 17 domingo de abril

GRUPO

## GEPPETTO. AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE (AULA DE TEATRO INFANTIL)

PROCEDENCIA: GALICIA

ESPECTÁCULO:

*Aladino e a lámpada marabillosa cruzan fronteiras*

AUTORA: DRAMATURXIA DE **ELENA SEIJO** A PARTIR DE 'ALADINO'

LUGAR: AUDITORIO | HORA: 19'00

DURACIÓN: 50 MINUTOS. INFANTIL. RECOMENDADA MAIORES DE 4 ANOS | TARIFA: 3 €

Aladino é un neno que vive coa súa nai e rodeado da xente que quere. Vive nun lugar onde a guerra é devastadora, así que un día deciden marchar a outro país. Percorren un longo camiño para cruzar a fronteira e ao chegar alí Aladino é reclutado por un mago malvado para que lle consiga unha lámpada dunha cova cercana.
A partir dese momento tanto Aladino como a súa xente veranse inmersos nunha aventura única na que todos terán que colaborar e coidarse para conseguir o que realmente desexan.



ELENCO: Hector Martínez, Sonia Ferro, María Novoa, Carolina Corea, Amada Saa, Carlos Quintas, Manuela Casal, Elisa Maneiro, Noemí Guerrero, Tito Escudero

COLABORACIÓN ESPECIAL MERCADERES: Carmen Aranda, Marisol Delgado

DESEÑO DE SON: Rubén Dobaño | DESEÑO DE LUIZ: José Manuel Bayón

TÉCNICOS DE MONTAXE: José Manuel Bayón e Rubén Dobaño

VESTIARIO: Geppetto e Sarabela Teatro

ESPAZO ESCÉNICO: Sarabela Teatro e Elena Seijo

DIRECCIÓN: Elena Seijo

# 17 domingo de abril

GRUPO:

## AULA DE TEATRO DE LA UBU. BURGOS

PROCEDENCIA: CASTILLA Y LEÓN

ESPECTÁCULO:

*Contra el progreso*

AUTOR: **ESTEVE SOLER**

LUGAR: SALA PARDO BAZÁN. EDIFICIO DE FERRO. CAMPUS

HORA: 20'30 | DURACIÓN: 65 MINUTOS

TARIFA: 3 € (AFORO LIMITADO)

'Contra el progreso' é un conxunto de sete pequenas obras que misturan a sátira e o esperpento, o estraño e o próximo. 'As escenas van sucedendo coma nun conto de fadas. Simples, estrañas, memorables…' Todo iso cociñado con moi mala uva, entre o humor e a morte, a ironía e o humor que emana ao furgar nas vísceras da nosa enferma sociedade superdesenvolta, progresista e democrática.
Son sete pequenas historias cun forte carácter satírico, onde os espellos deformantes do esperpento amósannos uns refrexos da nosa realidade que nos degradan á categoría de títeres. Estamos vivindo o 'Grand Guignol', un refrexo da monstrosidade do noso tempo entre o riso e o drama.



ELENCO: Carlos Baragaño, Celia Díaz, John Halnan, Carla Martín, Alicia de la Peña, José Luis Venegas, Iván Manrique, Paula Gutiérrez e Daniel García.

TÉCNICO: José A. Pereda (Bisby)

DIRECCIÓN: Juan Luis Sáez

# 18 de abril luns

GRUPO

**TRISKEL ARTES ESCÉNICAS / NORDISK TEATERLABORATORIUM [ODIN TEATRET]**

PROCEDENCIA: CHILE / DINAMARCA

ACTIVIDADE: *Demostración de traballo: «De Amagaki a Shibugaki, geografía de un aprendizaje»*

AUTORAS: **CAROLINA PIZARRO e JULIA VARLEY** | LUGAR: SALA PARDO BAZÁN. EDIFICIO DE FERRO. CAMPUS

HORA: 18'00 | DURACIÓN: 60 MINUTOS (Máis 15 minutos de preguntas dos espectadores) | TARIFA: 5 €

Unha bitácora viva, que danza entre o teórico e o práctico, o técnico e o creativo, o mental e o vivencial. Unha actriz que danza e constrúe no risco da busca, que ofrece un corpo que persevera no xogo das accións físicas e vocais, da improvisación e da composición. Un corpo que se revela a través do que recibíu de distintos mestres e mestras colocando ao espectador no mesmo centro das fendas, esforzos, incertidumes e descubrimentos coa fin de compartir con el os percorridos dunha actriz na construción dun espectáculo.

As demostracións de traballo son unha plataforma creada polo Odin Teatret en 1980 para compartir cun público máis amplo as súas propostas, estratexias e métodos de entrenamento desenvolvidos durante anos. Neste caso Carolina Pizarro, baixo a dirección de Julia Varley, comparte a súa investigación sobre o traspaso de experiencia e a autonomía do intérprete escénico, explicando en escena a procura por desenvolver a súa propia linguaxe escénica, atravesada pola súa visión política-social segundo as súas orixes e a realidade que a rodea, polas interrogantes, consistencias e posibilidades que atopou nas súas viaxes buscando aos seus mestres.



ACTRIZ: Carolina Pizarro | ASISTENCIA TÉCNICA: Luis Alonso
DIRECCIÓN: Julia Varley

# 18 de abril luns

GRUPO

**GRUPO DE TEATRO U.C.**

PROCEDENCIA: CANTABRIA

ESPECTÁCULO: *La cantante calva*

AUTOR: **EUGÈNE IONESCO**

LUGAR: AUDITORIO MUNICIPAL

HORA: 20'30 | DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Surrealista no seu aspecto visual e verbal, 'A cantante calva', estreada en 1950, é unha especie de broma xuvenil, xa que o seu propio autor confesa que a súa orixe é unha burla dun método de aprendizaxe de idiomas para estranxeiros. Aínda que foi escrita hai máis de medio século, é unha obra de grande actualidade. Presentada coma un ataque á pequena burguesía universal, á súa alienación e perda de identidade, á incomunicación, amósanos a vida cotiá sen contido, as falsas aparencias, a sensación de inmobilidade no tempo que nos anguria, a falta de relación entre os seres humanos. Ao final da peza os personaxes son unicamente capaces de balbucir palabras sen sentido e esa incapacidade para a comunicación amósase a través da súa descomposición máis absoluta nunha especie de danza da morte.



ELENCO: Tobías Lobera, Cecilia Revuelta, Sergio V. García, María Requejo, Sara Martínez, Olivia Matas | ILUMINACIÓN: Víctor Lorenzo | TÉCNICO: Pancho Villar | VESTIARIO: Grupo de Teatro UC | ATREZZO E MOBILIARIO: Fernando Madrazo e Grupo de Teatro UC | ESCENOGRAFÍA: José Helguera | DIRECCIÓN: Rita Cofiño

# 19 martes de abril

GRUPO

**TRISKEL ARTES ESCÉNICAS / NORDISK TEATERLABORATORIUM [ODIN TEATRET]**

PROCEDENCIA: CHILE / DINAMARC A

ESPECTÁCULO:

*Tierra de fuego*

AUTORA: **CAROLINA PIZARRO**

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20´30

DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: 5 €

Tierra de fuego´ explora o concepto de viaxe arraigado a unha terra de lembranzas dun imaxinario feminino: unha terra onde o lume se mantén prendido como sinal de que aínda existe un fogar. A memoria viaxa polas raíces da historia propia e de distintas mulleres chilenas que emprenderon unha viaxe. Algunhas decidiron viaxar, outras foron obrigadas a facelo. Pero para cada unha delas ese tránsito significou transformación. Só nese momento non existe diferenza entre o presente e o pasado, mistúranse, penétranse e a palabra viaxe imprégnase dun profundo sentido de vida.

ACTRIZ: Carolina Pizarro

ASISTENCIA TÉCNICA: Luis Alonso

DIRECCIÓN: Julia Varley



# 20 mércores de abril

GRUPO

**TEATRO DEL DÓNDE**

PROCEDENCIA: MADRID / EL SALVADOR

ESPECTÁCULO:

*De polvo y agua*

AUTOR: **CREACIÓN COLECTIVA**

CON IDEA ORIXINAL DE **COPATZIN BORBÓN**

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20´30 | DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: LIBRE (Cortesía da fundación Juan Soñador)

No punto cego dunha fronteira, existe un migrante de pó e auga que viaxa arrastrando a memoria do seu pobo, converténdose dun rostro a un número...

ELENCO: Laura Ruiz, Cristina Canudas

CONSTRUCIÓN DE TÍTERES: Jorge Velasco

DESEÑO E CONSTRUCIÓN DE ESCENOGRAFÍA: Juan Manuel Zapata

COMPOSICIÓN MUSICAL: Fernando Jiménez Sánchez

VESTIARIO: Charo Jódar / Teatro del Dónde | DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Juan Manuel Zapata

PRODUCIÓN: Maria Capell Pera, Roda Fetillera | DESEÑO GRÁFICO: Edgar Riu

AGRADECEMENTOS: Esther Yáñez, Javier Sánchez, Popi Foz, May González, Iván Larreynaga, Thipi

DIRECCIÓN: Victoria Mateos



# 21 xoves de abril

GRUPO

**AULA DE TEATRO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO - COMPAÑÍA DE TEATRO**

PROCEDENCIA: GALICIA

ESPECTÁCULO: *Cinzas*

AUTOR: ADAPTACIÓN DE **ROBERTO SALGUEIRO** DE TEXTOS DE **RODRIGO GARCÍA**

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20'30 | DURACIÓN: 47 MINUTOS

TARIFA: 3 €

CINZAS colle o título das obras completas de Rodrigo García, 'Cenizas Escogidas', publicadas en 2004.

Trátase dunha dramaturxia que investiga a relación entre a música en directo e o corpo das actrices e actores para reflexionar sobre como a violencia deshumaniza ao individuo, e como o amor dá sentido á vida.



ELENCO: Lara Pouso, Helena Salgueiro, Miguel Gendre, Breogán Martínez, Alba López, Julia Ammerman

ESPAZO ESCÉNICO, ILUMINACIÓN E FIGURINOS: Roberto Salgueiro

ASISTENCIA TÉCNICA: RTA

CARTEL E PROGRAMA: Gerardo Fuentes

AGRADECEMENTOS: Lola Martínez, Galimusic, RTA

DIRECCIÓN: Roberto Salgueiro

# 21 xoves de abril

GRUPO

**AULA DE DANZA UEX**

PROCEDENCIA: EXTREMADURA

ESPECTÁCULO:

*Trilogía de la resistencia (Acto 1)*

AUTOR: **PABLO MOLERO**

LUGAR: AUDITORIO

HORA: 23'00

DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Espectáculo de danza-teatro composto por:

EN NOMBRE DE TODOS

Na construción cultural da identidade, a crenza xoga un papel relevante. No seu percorrido polo corpo, a identidade pasa por fases racionais e irracionais. 'Que ocorrería se nos ceibamos das nosas crenzas? Quizais a lóxica apunta á superación do irracional para atopar a nosa verdadeira identidade' (Nietzsche).

LA PAUSA DEL BUCLE

Trata o drama humano dos africanos afogados nun universo mundializado e sen fronteiras para o capital e o turismo.



ELENCO: Diana Amado, Beatriz Cerezo, María Isabel Martínez, Danielle Mesquita, Lara Martorán, Adrián González, Álvaro Murillo, Juan Luis León, Yeray Rodríguez, Juan Manuel Franco

DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Fran Cordero

TÉCNICO EN XIRA: Jesús Avís "Lehenda"

AUDIOVISUAL: Juan Francisco Blanco | VOZ EN OFF: Fernando Nieto, Diana Amado

FOTOGRAFÍA: Nicolás Yazigi, Jean-François Quais e Rosa Ayuso

COREOGRAFÍA E DIRECCIÓN: Pablo Molero

# 22 venres de abril

GRUPO
**TEATRO DO MORCEGO**
PROCEDENCIA: GALICIA
ESPECTÁCULO:
*Nosa Señora das nubes*
AUTOR: **ARÍSTIDES VARGAS**
(ADAPTACIÓN DE **CELSO PARADA**)
LUGAR: AUDITORIO
HORA: 20'30
DURACIÓN: 80 MINUTOS
TARIFA: 5 €

Encontro de dous personaxes expatriados nun espazo e tempo indeterminado. Por medio de lembranzas confusas e memorias fragmentadas os personaxes buscan recuperar as historias vividas na súa patria, a afastada Nosa señora das nubes. Un texto poético e cheo de humor que nos fai reflexionar sobre as ditaduras, as guerras, o exilio e o desarraigo tan presentes no noso tempo.

ELENCO: Josi Lage, Celso Parada, Mundo Villalustre, Pablo Costas (interpretación musical)
AUTOR: Arístides Vargas
ESCENOGRAFÍA: Carlos Alonso | SON: Pablo Costas
ILUMINACIÓN: David Deive | VESTIARIO: Carlos Alonso
MÚSICA: Pablo Costas
DIRECCIÓN: Celso Parada




# 22 venres de abril

GRUPO
**A BANDA DA FACTORÍA DE SUBSISTENCIA**
PROCEDENCIA: GALICIA
CONCERTO:
*Cerca da túa orella*
AUTOR: **FACTORÍA DE SUBSISTENCIA**
LUGAR: TEATRO PRINCIPAL
HORA: 23'00
DURACIÓN: 80 MINUTOS
TARIFA: 5 €

Presentación de A BANDA DA FACTORÍA DE SUBSISTENCIA dándolle forma aos temas do seu primeiro traballo discográfico, CERCA DA TÚA ORELLA.

FORMACIÓN:
José Lameiras (batería)
Mon Orencio (guitarra, baixo, trompeta)
Sabela Dacal (acordeón, piano, coros)
Josito Porto (guitarra, voz)
Coa presenza, como Mestre de Cerimonias, de VITUCO NEIRA (RuxeRuxe)



# 22 venres de abril

GRUPO

**TRES PESOS**

PROCEDENCIA: GALICIA

CONCERTO:

*Acta fundacional*

LUGAR: CAFÉ AURIENSE

HORA: 1´00

DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: CONSUMICIÓN

Tres xeitos de facer, tres adictos á nosa música, tres caras da mesma moeda. Un proxecto, un soño, música de raíz, música de hoxe, música entrañable.

FORMACIÓN:

Felisa Segade (Leilía)
Estevo Lamas (Limagoia)
José Antonio Ferreira 'Pepe de Calo' (Ke foi)



# 23 sábado de abril

GRUPO:

**BANDA KURENAI**

PROCEDENCIA: ITALIA

ESPECTÁCULO

*Adios re*

AUTORES:

**RAFFAELLA RUSSO e DAVIDE ALOI**

LUGAR: AUDITORIO (SALA AZUL)

HORA: 19´00

DURACIÓN: 45 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Neal Cassady (1926/1967) heroe e musa da ´beat generation'... Un descarado, cheo de enerxía, talento e gañas de correr. Neal percorre 20 anos de historia americana cun longo sorriso e un cigarro na boca. Xunto con Kerouac, Ginsberg e o seu grupo de amigos artistas procura algo que aínda hoxe tratamos de atopar. En poirentos coches, estes mozos percorren EEUU coas súas contradicións e nun mundo que cambia ao seu redor... pero eles tamén escriben a historia: nos bares, nas librerías, polas rúas de cidades descoñecidas, en pisos ateigados de papeis para escribir, nas vías das estacións nas que traballan. Quizais Neal e os seus amigos non saben, nin se decatan, de que a súa maneira de vivir e de buscar cambiará a xuventude do porvir. Ao seu redor xorden movementos, estilos, loitas que semellan non pertencerlles nunca. Cos pelos curtos, as súas camisas conxuntadas e as gañas de darlle un rumbo a todo o que se lles move dentro e que quere vivir, Neal, Jack e os demais, están demasiado fagocitados polas súas vidas para comprender que este cambio tamén lles pertence. O poético e conmovedor: unha xeración de homes e mulleres en marcha que cambia a percepción de ser mozos mentres o mundo muda e as novas xeracións cítanos coma os seus heroes.



ACTOR: Carlo Strazza
DRAMATURXIA SONORA: Davide Aloi
TEXTOS: Raffaella Russo
DIRECCIÓN: Raffaella Russo

# 23 sábado de abril

ESPECTÁCULO:

## *6º Encontro de danza interuniversitaria*

PROCEDENCIA: GALICIA

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20'30

DURACIÓN: 75 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Coreografías creadas por grupos de danza galegos, universitarios ou con vocación docente. A nova danza galega.



- **AULA DE DANZA DA UDC - DANZA NORMAL. A CORUÑA** con RESCATE

ELENCO: Zeltia, Lorena Carballido, Fernando, Barbora, Zaira, Nuria, Verónica Moar, Tom

DIRECCIÓN / COREOGRAFÍA: Rut Balbís

- SELECCIONADA CERTAME DANZA EMERXENTE. **CRIS SÁNCHEZ E MARÍA ABRANDO** con LIMINAL

ELENCO: Cris Sánchez | TEXTOS E ESPAZO SONORO: María Abrando

- **MIRIAM CENTRO DE DANZA. OURENSE** con DEJADNOS VIVIR

ELENCO: Ana Mª Enríquez, Adriana Feijoo, Marta Gamallo, Claudia López, Sandra Novoa, Marta Otero

DIRECCIÓN / COREOGRAFÍA: Miriam Rodríguez.

- **TICS COLECTIVO ESCÉNICO** con NIN ARRE NIN XÓ

ELENCO: Beatriz Cid, Marta Faílde, Rut Reza, Sara Fondevila, Patricia Varela

DIRECCIÓN / COREOGRAFÍA: Patricia Varela

- SELECCIONADO CERTAME DANZA EMERXENTE. **DIEGO PAZÓ** con 1 PASO

ELENCO: Diego Pazó | DIRECTOR / COREOGRAFÍA: Diego Pazó

- **"DO-OU-TRAS" AULA DE DANZA CAMPUS DE OURENSE** con MDNNA FAITE VELLA CON NÓS, POR FAVOR

ELENCO: Rosa, Mercedes, Beatriz, Belén, Patricia, Carla, Alicia, Mai

DIRECCIÓN / COREOGRAFÍA: Begoña Cuquejo

# 23 sábado de abril

GRUPO

**TEATR'UBI (Grupo de Teatro da Beira Interior) / ASTA TEATRO**

PROCEDENCIA: COVILHÃ. PORTUGAL

ESPECTÁCULO:

## *Sangue e outras substâncias*

AUTORES: **RUI PIRES e SÉRGIO NOVO**

LUGAR: AUDITORIO

HORA: 23'00

DURACIÓN: 55 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Sempre que a vida vén e nos tira, hai que pensar, hai que sentir... Hai que ver, percibir, coma o raio que se presenta fronte a nós... infravermello, ultravioleta... Sabemos que todo ao final se resume en intensidade, frecuencia e polarización. Porén, respiramos, somos seres presentes nunha dinámica continua de materia, enerxía e... sensación?! Unha constante indisociable do non ser. Ser?! Espectro, dualidade, onda, partícula, luz, cor, sentimento, procura incesante do eu, do SER. 'Déronme a luz da lúa e eu quero facerte a escena final!'. Pero alá fóra, no momento actual, a vida xermola. Acto suicida, que queda expresado, e nada sae máis aló de sangue e outras sustancias, sólidas, líquidas... do corpo físico humano. Estamos aquí, por aquí ficamos... ata que a materia se descompoña e transforme en substancias, vitaminas, vida frutífera, pronta a xermolar. Hai un momento na vida en que ou es, ou condénaste á inexistencia. Non se sofre por anticipado! Eu estou aquí, e ti, vés?!



COCREACIÓN E INTERPRETACIÓN: Edmilson Gomes, Filipa Canelas Pinto, Gonçalo de Morais, Helena Ribeiro, Iuri Lopes (Tamén son as voces en off) | PRODUCIÓN: TeatrUBI e ASTA | ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Helena Ribeiro | TEXTOS DE: Alexandre O'Neill, Anaïs Nin, Ary dos Santos, Edmilson Gomes, Fernando Pessoa, Filipa Canelas Pinto, Gonçalo de Morais, Mark Manson, Renata Corrêa, Iuri Lopes | EDICIÓN DE VÍDEO: M4Mproductions_JoãoM2Inácio | DESEÑO DE LUZ: Pedro Fonseca/colectivo SONOPLASTIA: Noel Vieira | CARTEL: Marisa Inglês | VESTIARIO: Inês Santos, TeatrUBI, ASTA DIRECCIÓN: Rui Pires e Sérgio Novo

# 24 domingo de abril

GRUPO

**GRETUA DE AVEIRO**

PROCEDENCIA: PORTUGAL

ESPECTÁCULO:

*Porta paraíso - Tré bụi đời*

AUTOR: **BRUNO DOS REIS**

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 19'00

DURACIÓN: 100 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Mentres o país vai abrindo camiño ata as lexislativas de 2015, fórmase un grupo de mozos que vive á marxe do tempo, compartindo apenas a ferida común da exclusión á que foron lanzados, ou á cal prefiren lanzarse.

Non son mártires, nin santos, nin tampouco heroes: son covardes cunha coraxe por enriba da media. Son as 'segundas' dunha patada mal dada na conciencia, os fillos dunha patria que puxo as botas na maratón da historia: son os fillos do pó.



ELENCO: Andreia Silva, Bernardo Almeida, Carlos Conde, Daniela Jesus, João Pantaleão, Nuno dos Reis, Nuno Jordão, Tiago Francisco Lopes | PRODUCIÓN: GrETUA - Grupo Experimental de Teatro da Universidade de Aveiro | MÚSICA ORIXINAL: Hugo Correia | SONOPLASTIA E SELECCIÓN MUSICAL: Bruno dos Reis, Inês Luzio e João Pantaleão | DESEÑO DE LUZ: Bruno dos Reis, Pedro Sottomayor e Nuno dos Reis | TÉCNICO DE LUZ: Pedro Sottomayor | DESEÑO E COMUNICACIÓN: Fáb io Maricato, Nuno dos Reis | FOTOGRAFÍA: Paulo Moreira, Pedro Sottomayor | VÍDEO: André English, Pedro Gomes, João Valentim | COREOGRAFÍA DE TECIDO VERTICAL: Daniela Jesus | FIGURINOS: Bruno dos Reis e Nuno dos Reis

ESCENOGRAFÍA E ATREZZO: Bruno dos Reis, Carlos Conde, João Valentim e Nuno Jordão.
CARACTERIZACIÓN: Nuno dos Reis
DIRECCIÓN: Bruno dos Reis e Nuno dos Reis

# 24 domingo de abril

GRUPO

**COMPAÑÍA DE TEATRO DA USC – CAMPUS DE LUGO**

PROCEDENCIA: GALICIA

ESPECTÁCULO:

*O público, baixo a area*

AUTOR: **FEDERICO GARCÍA LORCA**

LUGAR: AUDITORIO

HORA: 21'00

DURACIÓN: 65 MINUTOS

TARIFA: 3 € (AFORO LIMITADO)

Unha noite a finais dos anos 30, Federico leu 'O Público' a un grupo de amigos:
"- Estupendo, pero irrepresentable
- Eu, a verdade, confeso que non entendo nada
Federico: Non se enteraron de nada, asustáronse, e compréndoo. A obra é moi difícil e polo momento irrepresentable, teñen razón. Pero dentro de dez ou vinte anos..."
 O ser humano, as diferentes máscaras que vai adquirindo, como chegar a un mesmo. Despoxámonos da máscara para chegar ao amor verdadeiro onde non importa a forma.
O director de escena acaba de estrear 'Romeo e Xulieta' no teatro ao aire libre, pero que pasaría se quitásemos os peitorís á ponte, se baixásemos un banzo máis, se deixásemos as portas do biombo abertas e aparecese o teatro baixo da area? Viría a máscara devorarnos?



ELENCO: Marta Cardín, Lucas Ares, Lili Claro, Dani Lago, Paz López - Vizcaíno, Pamela Fogaza, Ana Vega, Natalia Fernández, Roberto Rivas, Xulio Díaz | FOTO: Tamara Pérez | VÍDEO: Pablo Fernández | CARTELERÍA: Tatata | ESCENOGRAFÍA: Suso Díaz e Paloma Lugilde | IMAXES: Diego Blanco | CREACIÓNS MUSICAIS: Carlos Díaz | DESEÑO DE ESPAZO: Carlos Díaz e Paloma Lugilde | VESTIARIO: Ana Miranda | SON E LUZ: ASASON LU Alfredo Sarille e Julio Corredoira | DIRECCIÓN: Paloma Lugilde

# 25 luns de abril

GRUPO

**AULA DE TEATRO "NORMAL" DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

PROCEDENCIA: GALICIA

ESPECTÁCULO:

***Unha libra de carne***

AUTOR: **CREACIÓN COLECTIVA.**

DRAMATURXIA DE **RUBÉN RUIBAL**

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20'30

DURACIÓN: 50 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Na conmemoración do 4º centenario do falecemento de William Shakespeare, un grupo de teatro prepárase para a estrea de "O Mercader de Venecia". Os roles dos actores, a directora, os personaxes e o propio Shakespeare aparecen confundidos na urxencia do inmediato por causa da desaparición de Óscar.

ELENCO: Óscar Vergara, Marián Fuentes Loureiro, Dafne Míguez Nieto, Fernando Sande Lago, Alberte Pérez Rodríguez-Puime, Nuria Calvo e Marcelino Fuentes
AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Berta Dávila
ATREZO, ESPAZO ESCÉNICO, VESTIARIO E ASISTENCIA EN XIRA: Iván Casal Nieto
ESPAZO SONORO: Roberto Casteleiro
ILUMINACIÓN: Afonso Castro
XEFA DE PRODUCIÓN: Laura Mariño Sánchez
TEMA MUSICAL: "A longa marcha", do disco "Golf Whiskey" de Grampoder (Martin Wu & LeRoi)
DIRECCIÓN: Rubén Ruibal




# 26 martes de abril

GRUPO

**TEATRO DE LA RESISTENCIA**

PROCEDENCIA: COMUNITAT VALENCIANA

ESPECTÁCULO:

***Don Quijote***

AUTOR: **CERVANTES** E **HADI KURICH**

LUGAR: AUDITORIO

HORA: 20'30

DURACIÓN: 65 MINUTOS

TARIFA: 5 €

Tes que saber, ouh Sancho amigo! Que eu nacín por querer do ceo nesta nosa idade de ferro, para resucitar nela a dourada ou de ouro. Porque daquela, os que vivían nela ignoraban estas dúas palabras de 'teu' e 'meu'. Eran naquela santa idade todas as cousas comúns. Todo era paz daquela, todo amizade, todo concordia. Non había fraude, engano nin malicia misturándose coa verdade e as cousas chans. A xustiza estábase nos seus propios termos, sen que a ousasen turbar nin ofender os do favor e os do interese... Andando máis os tempos e medrando máis a malicia, instituíuse a orde dos cabaleiros andantes para defender as doncelas, amparar as viuvas e socorrer aos orfos e aos 'menesterosos'. Desta orde son eu, irmán".

ELENCO: Hadi Kurich, Carles Benlliure, Ana Kurich, Juanma Picazo
VESTIARIO E ESCENOGRAFÍA: Maya Jankovic | ILUMINACIÓN E MÚSICA: Hadi Kurich



FOTOGRAFÍA: V&S | TÉCNICOS: Vigor Kurich / Stribor Kuric
PRODUCIÓN EXECUTIVA: Ana Kardelis | PRODUCIÓN: Teatro de la Resistencia S.L.
DIRECCIÓN: Hadi Kurich

## 27 mércores de abril

GRUPO

**GRUPO DE TEATRO DE LA UPNA**

PROCEDENCIA: NAFARROA

ESPECTÁCULO:

***Polifonía***

AUTORA: **DIANA DE PACO**

(ADAPTACIÓN DE **ANA ARTAJO**)

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20'30 | DURACIÓN: 70 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Seis dos grandes mitos clásicos gregos femininos como son Penélope, Helena de Troia, Medea, Clitemnestra, Fedra e Antígona atópanse presas das súas propias realidades nunha especie de limbo onde teñen que pelexar coas lembranzas dos seus crimes. A historia xa as xulgou pero, son tan culpables como nos fixeron crer? É posible atopar algún atenuante ás súas accións? É o papel do home un simple espectador nos seus conflitos? Polifonía, moitas voces nunha soa realidade sí pero, cal?

ELENCO: Karen Errea, Leyre Ayerra, Amaia Sarasa, Paula Morentin, Zuberoa García, Maite Garín, Rosa Beunza, María Bravo, Natxo Lapieza, Pablo de la Portilla, Santiago Jiménez, Álvaro Carceller
COORDINACIÓN CANCIÓNS: Isabel Señas | VESTIARIO: Leyre Ayerra e Amaia Sarasa
ESCENOGRAFÍA: UPNA | TÉCNICO DE LUZ E SON: Mikel Larrea | DESEÑO DE CARTEL: Álvaro Carceller
DIRECCIÓN: Óscar Orzaiz



## 27 mércores de abril

GRUPO

**YLLANA**

PROCEDENCIA: MADRID

ESPECTÁCULO:

***Chefs***

AUTOR: **YLLANA**

LUGAR: AUDITORIO

HORA: 23'00

DURACIÓN: 80 MINUTOS

TARIFA: 5 €

Chefs' é unha ollada divertida sobre o fascinante mundo da gastronomía. A historia céntrase nun chef de grande prestixio que perdeu a inspiración e que ten que confiar nun disparatado equipo de cociñeiros para crear unha receita espectacular e novidosa e así manter as estrelas do seu restaurante. Ao mesmo tempo facemos un percorrido por distintas facetas do mundo da cociña, como a nosa relación cos alimentos que inxerimos, os animais que nos alimentan, as diferentes cociñas e sabores do mundo. Veremos os egos, a competición entre estes 'cociñeiros estrela' e todo o que con moito gusto vai caendo na cazola do humor de Yllana.



ELENCO: César Maroto, Susana Cortés, Rubén Hernández, Carlos Álvarez "Jano"
EFECTOS DE SON: Jorge Moreno "Milky" | DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Miguel Ángel García Rosa
ILUSTRACIÓNS: Lucas Salles | ANIMACIÓN 3D: Javi de Prado e Andrés de Mingo
VESTIARIO: Gabriela Salaverri | REALIZACIÓN DE VESTIARIO: Gabriel Besa
CONSTRUCIÓN DE ESCENOGRAFÍA E ATREZZO: Gonzalo Gatica Scnik Móvil
CONSTRUCIÓN DE ANIMAIS: Rafael Suárez Arata (Arte y Ficción)
FOTOS: Julio Moya | DESEÑO GRÁFICO: Daniel Vilaplana
COMUNICACIÓN E PRENSA: Rosa Arroyo, Esther Pascual
TÉCNICOS EN XIRA: Miguel Ángel García Rosa, Héctor Gutiérrez Cruz
PRODUCIÓN: Mabel Caínzos, Fran Álvarez | PRODUTOR EXECUTIVO: Marcos Ottone
DIRECCIÓN: Yllana

# 28 xoves de abril

GRUPO

**EL RAYO MISTERIOSO**

PROCEDENCIA: ARGENTINA

ESPECTÁCULO:

*El fabuloso mundo de la tía Betty*

AUTOR: **ALDO EL-JATIB AMATO**

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20'30

DURACIÓN: 70 MINUTOS

TARIFA: 5 €

El fabuloso mundo de la Tía Betty' (teatro fantasmal) é a escenificación do inconsciente colectivo dunha sociedade que constrúe a súa dinámica de comportamento coa mentira, a crueldade e a morte. É unha pantasma que nos lembra, coa súa aparición, as leis físicas da natureza: que todos os feitos cometidos quedan impresos nun mecanismo de funcionamento social repetitivo, de abandono e de autodestrución.

ELENCO: María de los Ángeles Oliver, Catalina Balbi, Ada Cottu, Maywa Vargas, Sebastián Arriete, Exequiel Orteu.

PRODUCIÓN: El rayo misterioso

TÉCNICA: Yesica Pelicates

DIRECCIÓN: Aldo El-Jatib Amato



# 28 xoves de abril

GRUPO

**GONÇALO GUERREIRO**

CONCERTO:

*Fados*

PROCEDENCIA: PORTUGAL / GALICIA

LUGAR: CAFÉ AURIENSE

HORA: 24'00

DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: CONSUMICIÓN

Gonçalo Guerreiro presenta un concerto de fados de Lisboa. As cantigas, acompañadas á guitarra eléctrica e pedal de 'loops', gardan o seu encanto orixinal, pero gañan unha dimensión contemporánea, singular e sedutora. O espectador mergúllase nun universo rítmico e melódico que viaxa do humor á nostalxia, do rock á canción de amor, do pop á musica tradicional, sen nunca deixar de ser Fado.

CANTA OS FADOS: Gonçalo Guerreiro



# 28 de abril
xoves

GRUPO
**EL RAYO MISTERIOSO**
PROCEDENCIA: ARGENTINA
ESPECTÁCULO:
*Tango-show (baile)*
LUGAR: CAFÉ AURIENSE
HORA: 1'15
DURACIÓN: 20/50 MINUTOS
TARIFA: CONSUMICIÓN

O grupo arxentino presenta tres coreografías de Tango-show... a partir daí virá o ensino de pasos e unha 'milonguita'aberta a quen queira participar.

TANGO E 'MILONGA': El rayo misterioso



# 29 de abril
venres

GRUPO
**ESPAI DE TEATRE DE LA UNIVERSITAT DE LLEIDA**
PROCEDENCIA: CATALUNYA
ESPECTÁCULO:
*Proyecto Cooper*
AUTOR: **CREACIÓN COLECTIVA**
LUGAR: TEATRO PRINCIPAL
HORA: 19'00
DURACIÓN: 65 MINUTOS
TARIFA: 3 €

O 'Instituto Tavistock para o desenvolvemento sociolóxico' presenta un gran avance que permitirá corrixir definitivamente as deficiencias da sociedade: unha nova criatura desprovista de emocións humanas.

ELENCO: David Salas, Carles Llusà, Marta Dalmau, Oriol Marco, Guerau Marqués, Carmen López, Lidia Lizancos, Núria López, Eliana Duque, Maria Seguí, Adriana Fort, Alba Morant, Jonathan Paz
LUZ: Xavi Iglesias
DIRECCIÓN: Emili Baldellou



# 29 venres de abril

GRUPO

**EME2 PRODUCIÓNS**

PROCEDENCIA: GALICIA

ESPECTÁCULO:

*Monólogo do imbécil*

AUTOR: **JOSÉ PRIETO**

LUGAR: AUDITORIO

HORA: 20'30

DURACIÓN: 60 MINUTOS

TARIFA: 3 €

A Santi todo lle sae mal. El procura comportarse como os demais, ten ilusión por ir á escola coma todo o mundo, por ter un traballo coma todo o mundo e casar cunha rapaza coma todo o mundo, pero sempre sucede algo que acaba deixándolle cara de parvo.
Así que un día decide mirar atrás na súa biografía para ver de buscarlle sentido ás cousas, e remóntase ao momento mesmo da súa concepción e aínda máis, cando só existían un espermatozoide algo parvo e un óvulo despistado, e comeza a enfialo todo desde o principio ata o mesmo momento en que llo conta ao público.

ACTOR: Xosé A. Touriñán | ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO: Sandra Romaris e Xocas López
ESPAZO SONORO E ILUMINACIÓN: Anxo Graña | VESTIARIO: Mari Seoane
MAQUILLAXE: Susana Veira Castellvi | FOTOGRAFÍA: Aigi Boga
DESEÑO GRÁFICO: Roi Fernández (Le Gráfica) | COMUNICACIÓN: Sonia Díaz
DESEÑO DE PRODUCIÓN: Julio Perugorria | PRODUCIÓN EXECUTIVA: Mercedes Castro
TÉCNICO EN XIRA: Anxo Graña | DISTRIBUCIÓN: eme2- Julio
DIRECCIÓN: José Prieto




# 29 venres de abril

GRUPO

**COMPAÑÍA LA LÍQUIDA**

PROCEDENCIA: ANDALUCÍA

ESPECTÁCULO:

*Oh Vino!*

AUTOR: **DAVID GARCÍA-INTRAGO**

LUGAR: AUDITORIO (SALA AZUL)

HORA: 23'00

DURACIÓN: 90 MINUTOS

TARIFA: 5€

(Viño cortesía do C.R.D.O. Ribeiro)

A mítica historia de Dionisios, Deus do viño e do teatro, do riso e a liberdade. Un espectáculo único, exclusivo e cheo de humor no que o público degusta viño durante a función.

ACTOR: David García-Intrago
AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Susana Almahano
LUZ E SON: Eladio Cano
ESPAZO ESCÉNICO: La Líquida e Museo del Vino Málaga
VESTIARIO: ESAD-Málaga e Maribel Fernández
EDICIÓN AUDIO: Adrián Alcaide
FOTO E VÍDEO: El Estudio Blanco
DESEÑO GRÁFICO: Davinia Muñoz e Agudeza Visual
DIRECCIÓN: David García-Intrago



## 30 sábado de abril

### CLAUSURA DA XXI MITEU

*Entrega de Premios*

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20'00

**ENTREGA DOS PREMIOS DO XURADO E DO ESPECTADOR "CARLOS COUCEIRO E BEGOÑA MUÑOZ" DA XXI MITEU**

Xurado composto por: María Díaz, José María Gómez, Cristina Ponce, Carmen Goyanes, Paco Daza, Ánxeles Álvarez.

**ENTREGA DE PREMIOS Á MELLOR RESOLUCIÓN TÉCNICA"SUSO DÍAZ" DA XXI MITEU**

Xurado composto polos técnicos do Auditorio e do Teatro Principal.

**ENTREGA DO PREMIO DA ORGANIZACIÓN DA MITEU**

O premio da XXI MITEU é para **LUCIANO FERNÁNDEZ** técnico de cultura do Concello de Narón. Con el quérese recoñecer o labor dos programadores profesionais que aman o teatro. O labor de Luciano é fundamental nun Concello exemplar en programación, implicación co teatro e ensino teatral coa escola municipal.



## 30 sábado de abril

GRUPO

### MARICASTAÑA, AULA DE TEATRO UNIVERSITARIA DE OURENSE (NIVEL 3)

PROCEDENCIA: GALICIA

ESPECTÁCULO:

*Demediado*

DRAMATURXIA: **FERNANDO DACOSTA**

A PARTIR DE

**'O VIZCONDE DEMEDIADO'**

DE **ITALO CALVINO**

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL

HORA: 20'30

DURACIÓN: 90 MINUTOS

TARIFA: 3 €

Às terras de Terralba chega un Doutor nun bidón.
Acaba de deixar o barco do Capitán Cook.
Vanio, o neno ceibe do castelo, recíbeo.
Vanio contará a historia deses días en Terralba, os días nos que o Vizconde Medardo vai loitar contra os turcos e unha bala de canón párteo pola metade.
A historia da vila cambiará ao seu regreso, pois a que volve é a parte mala e iso afectará sobremaneira ao propio Vanio, que sofre varios ataques do Vizconde; ao Doutor, que non poderá buscar tranquilamente fogos fatuos nos cemiterios; a Pietro, que terá que construir máquinas marabillosas pensadas para a tortura; aos hugonotes, que esqueceron os seus ritos e teñen que simulalos constantemente; aos leprosos que celebran grandes festas en Pratofungo; a Sebastiana, a nutriz; á vella Vizcondesa, criadora de paxaros; a Pamela, que sofre o amor do Vizconde; á vila e aos seus cidadáns... E cando todo parece estar baixo os designios da parte mala do Vizconde... sucede algo non previsto por ninguén.
Unha fábula de Calvino que reflexiona en clave de humor sobre o ben e o mal, sobre os comportamentos humanos, sobre a opresión do poder e a solidariedade entre os cidadáns. Un xogo constante no que 41



[continúa na páxina seguinte]

personaxes fan transitar ao espectador pola emoción, o riso, o conto máxico e a crúa realidade.
'O Vizconde demediado', obra independente en forma e sentido, é unha das partes da triloxía de Calvino sobre os antergos do home contemporáneo. As outras dúas obras son 'O Barón rampante' (Montada no ano 2006 pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense 'Maricastaña') e 'O Cabaleiro inexistente' (que agardamos presentar nun futuro).

ELENCO: Sandra A. C., Héctor Martínez, Silvia Pazo, Fani González, Raquel Troitiño, Marcos Vázquez, Chelo Cortiñas, Elisa Maneiro
LUZ, ATREZZO, TÉCNICOS EN XIRA: José Manuel Bayón, Rubén Dobaño
VESTIARIO E COMPLEMENTOS: Tegra
DESEÑO MUSICAL: Renata Codda Fons
CARTEL E PROGRAMA: Pablo Otero
ESPAZO ESCÉNICO: Fernando Dacosta
DIRECCIÓN: Fernando Dacosta

# 30 sábado de abril

GRUPO
**D'ORFEU AC / CÃO À CHUVA**
PROCEDENCIA: PORTUGAL
ESPECTÁCULO:
*Lullaby*
AUTOR: **RUI PAIXÃO e CARLOS REIS**
LUGAR: AUDITORIO
HORA: 23'00
DURACIÓN: 45 MINUTOS
TARIFA: 5 €

Unha revelación no universo do clown en Portugal. 'Lullaby' é un espetáculo dinámico, coa participación directa do público, nunha 'performance' cómica e provocadora que abre espazo ao xogo de improvisación entre un pallaso transgresor e o espectador. Nesta aventura, partimos todos en busca do riso, da complicidade e da emoción, embarcando nun ambiente poético, alimentado pola música en directo, rumbo a un novo mundo de xogos. Despois de ser revelación no Imaginarius 2015 e Premio OFF Circada Sevilla 2015, Rui Paixão acaba de ser seleccionado para o 'Cirque du soleil'.

ELENCO: Rui Paixâo (clown), Carlos Reis (músico)
DIRECCIÓN: Rui Paixão e Carlos Reis



# GRUPOS e actividades

## TEATRO UNIVERSITARIO

| | | | |
|---|---|---|---|
| **GRUPO ROSAURA. AULA DE OURENSE** | VE15 | 19'00 | RÚA DO PASEO (Parque de San Lázaro) |
| **GRUPO EL MAYAL DE LEÓN** | VE15 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |
| **TEUC DE COIMBRA. PORTUGAL** | SÁ16 | 19'00 | CAMPUS. SALA PARDO BAZÁN. EDIFICIO DE FERRO |
| **GRUPO CORDELIA. AULA DE OURENSE** | SÁ16 | 23'00 | TEATRO PRINCIPAL |
| **GRUPO GEPPETTO. AULA INFANTIL DE OURENSE** | DO17 | 19'00 | AUDITORIO |
| **AULA DE TEATRO DE LA UBU. BURGOS** | DO17 | 20'30 | CAMPUS. SALA PARDO BAZÁN. EDIFICIO DE FERRO |
| **GRUPO DE TEATRO U.C. DE CANTABRIA** | LU18 | 20'30 | AUDITORIO |
| **AULA DE TEATRO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO** | XO21 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |
| **AULA DE DANZA UEX. EXTREMADURA** | XO21 | 23'00 | AUDITORIO |
| **ENCONTRO DE DANZA INTERUNIVERSITARIA** | SÁ23 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |
| **TEATR'UBI/ASTA DE COVILHÃ. PORTUGAL** | SÁ23 | 23'00 | AUDITORIO |
| **GRETUA DE AVEIRO. PORTUGAL** | DO24 | 19'00 | TEATRO PRINCIPAL |
| **COMPAÑÍA DE TEATRO DA USC. LUGO** | DO24 | 21'00 | AUDITORIO |
| **AULA DE TEATRO "NORMAL" DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA** | LU25 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |
| **GRUPO DE TEATRO DA UPNA. NAFARROA** | MÉ27 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |
| **ESPAI DE TEATRE DE LA UNIVERSITAT DE LLEIDA** | VE29 | 19'00 | TEATRO PRINCIPAL |
| **GRUPO MARICASTAÑA. AULA DE OURENSE** | SÁ30 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |

## TEATRO PROFESIONAL / GRUPOS INVITADOS

| | | | |
|---|---|---|---|
| **FRASER HOOPER. INGLATERRA** | VE15 | 23'00 | AUDITORIO |
| **NADIA/LA CONQUESTE DEL POL SUD. AFGANISTÁN / CATALUNYA** | SÁ16 | 20'30 | AUDITORIO |
| **TRISKEL ARTES ESCÉNICAS / NORDISK TEATERLABORATORIUM (ODIN TEATRET). CHILE / DINAMARCA** | MA19 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |
| **TEATRO DEL DÓNDE. MADRID / EL SALVADOR** | MÉ20 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |
| **TEATRO DO MORCEGO. GALICIA** | VE22 | 20'30 | AUDITORIO |
| **BANDA KURENAI. ITALIA** | SÁ23 | 19'00 | AUDITORIO SALA AZUL |
| **TEATRO DE LA RESISTENCIA. COMUNITAT VALENCIANA** | MA26 | 20'30 | AUDITORIO |
| **YLLANA. MADRID** | MÉ27 | 23'00 | AUDITORIO |
| **EL RAYO MISTERIOSO. ARGENTINA** | XO28 | 20'30 | TEATRO PRINCIPAL |
| **EME2. GALICIA** | VE29 | 20'30 | AUDITORIO |
| **COMPAÑÍA LA LÍQUIDA. ANDALUCÍA** | VE29 | 23'00 | AUDITORIO SALA AZUL |
| **D'ORFEU AC / CÃO Á CHUVA. PORTUGAL** | SÁ30 | 23'00 | AUDITORIO |

## CONCERTOS

| | | | |
|---|---|---|---|
| **A BANDA DA FACTORÍA DE SUBSISTENCIA** | VE22 | 23'00 | TEATRO PRINCIPAL |
| **TRES PESOS** | VE22 | 1'00 | CAFÉ AURIENSE |
| **GONÇALO GUERREIRO** | XO28 | 24'00 | CAFÉ AURIENSE |

## EXPOSICIÓN

**ONDE ESTÁ PALESTINA? de Alba Vázquez Carpentier.**
**Fotografías de refuxiados palestinos en Xordania.** Do 15 ao 25 de abril AUDITORIO MUNICIPAL

## OUTRAS ACTIVIDADES

| | | | |
|---|---|---|---|
| **TANGO-SHOW E 'MILONGA'** | XO28 | 1'15 | CAFÉ AURIENSE |
| **PROMOCIÓNS / ANIMACIÓNS NA RÚA. TRÉCOLA TEATRO** | DÍAS 13-14-16-17-21-22-23-24-27-28 | | |
| **ENCONTROS COA PRENSA** | VARIOS DÍAS | | TEATRO PRINCIPAL / AUDITORIO |
| **PUNTO DE ENCONTRO** | TODAS AS NOITES, TRALAS FUNCIÓNS. | | CAFÉ AURIENSE |
| **CLAUSURA. PREMIOS DA 21ª MITEU** | XO30 | 20'00 | TEATRO PRINCIPAL |

# DEMOSTRACIÓN DE TRABALLO

## por Carolina Pizarro (Chile/Dinamarca)

### TRISKEL ARTES ESCÉNICAS / NORDISK TEATERLABORATORIUM (ODIN TEATRET)

### De Amagaki a Shibubaki, geografía de un aprendizaje

Luns 18 ÁS 18'00 NO CAMPUS (SALA PARDO BAZÁN - MULTIUSOS)

As demostracións de traballo son unha plataforma creada polo Odin Teatret en 1980 para compartir cun público máis amplo as súas propostas, estratexias e métodos de entrenamento desenvolvidos durante anos. Neste caso Carolina Pizarro, baixo a dirección de Julia Varley, comparte a súa investigación sobre o traspaso de experiencia e a autonomía do intérprete escénico, explicando en escena a procura por desenvolver a súa propia linguaxe escénica, atravesada pola súa visión política-social segundo as súas orixes e a realidade que a rodea, polas interrogantes, consistencias e posibilidades que atopou nas súas viaxes buscando aos seus mestres.



TARIFA: 5€

INSCRICIÓNS E MATRÍCULA: 80 prazas.

Os participantes entrarán por orde de chegada. Inscrición aberta desde as 17'00 do día 18 na Sala Pardo Bazán-Multiusos do Edificio de ferro.

# CURSO DE TEATRO

## con EL RAYO MISTERIOSO (ARGENTINA)

### "De la acción de gracias al efecto fantasmal de encantamiento". Técnica actoral de 'El rayo misterioso'

Sábado 30 DE 11'00 A 14'00 E DE 16'00 A 19'00 NO CAMPUS (SALA PARDO BAZÁN - MULTIUSOS)



Brindar aos participantes un panorama sobre o entrenamento psicofísico do Método de Traballo do Grupo "El Rayo Misterioso", desde o punto de vista técnico, ético e dinámico, realizando un percorrido polas diferentes formas de tratamento que deron ás accións físicas os traballos de Constantin Stanislavski, Vsevolod Meyerhold, Jerzy Grotowski, ata arribar á técnica propia do Grupo. Realízase unha demostración para percibir de forma práctica o que se expón teoricamente.

TARIFA: 10€

INSCRICIÓNS E MATRÍCULA: 15 prazas por orde de inscrición. MATRÍCULA DO DÍA 10 AO 25 DE ABRIL no teléfono 639 891 774 DE LUNS A VENRES DE 10'30 A 13'30 ou no correo-e miteuourense@yahoo.es



# MITEU

Toda a información en **www.miteu.es**
Tamén podes seguirnos en **www.facebook.com/miteuourense?fref=ts**
nas páxinas da Universidade de Vigo, Campus de Ourense
e en **www.sarabelateatro.com**

**ENTRADAS** á venta para todos os días desde o 1º día en cada un dos espazos para os espectáculos que se realizan nese espazo.
No **Teatro Principal** 2 horas antes das funcións, no **Auditorio** 2 horas antes das funcións, no **Campus** 1 hora antes das funcións.



www.miteu.es
dsign edenia | ourense | www.edenia.org
PATROCINA E ORGANIZA
Concello de OURENSE Cultura
AUDITORIO MUNICIPAL DE OURENSE
DEPUTACIÓN OURENSE
Teatro Principal de Ourense
Vicerreitoría do Campus de Ourense
Universidade de Vigo
Campus de Ourense
Campus da Auga
XUNTA DE GALICIA
SARABELA TEATRO
COLABORA
AURIENSE café cultural
Ribeiro
PAZ Asamblea de Cooperación pola Paz
Juan Soñador